CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de setembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 25 de setembro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL

Dáse conta que en data 18 de febreiro de 2025 asinouse o Convenio entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital, que ten como obxecto establecer os termos e condicións xerais para un aproveitamento común das solucións tecnolóxicas básicas de administración dixital que prestan as partes asinantes en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos e resto de normativa aplicable; e da conveniencia de adherirse ao dito Convenio para poder acceder ás solucións tecnolóxicas básicas dispoñibles a través do mesmo.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- A Adhesión do Concello ao Convenio entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital.

Segundo.- Aceptar de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexan de aplicación, pudendo quedar adherido a calquera das solucións básicas obxecto do convenio, cuxas especificacións técnicas e funcionais se recollen no anexo I do mesmo.

Terceiro.- Delegar na Comunidade Autónoma de Galicia a súa participación na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio, aceptando as decisións tomadas no seno de dita comisión, sen prexuízo do sinalado na mencionada cláusula.

Cuarto.- A adhesión terá efectos dende a data de inscrición do documento de adhesión no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e perdurará durante o período de vixencia do citado convenio.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

3.- RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ

VISTO o informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, en data 29/09/26, que acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda autorizar a renovación da tarxeta, concedida por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 14 de decembro de 2011, a favor de Dona MARÍA DOLORES SIMÓN VALLADARES, con DNI núm. [redacted], veciña do lugar do Coto, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

4.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE NEGRELOS

VISTO o escrito presentado por Don CAMILO VENCE HERMIDA, con DNI núm. [redacted], veciño do lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos (RE núm. 1522, do 28/09/26), polo que, na representación da Comisión de festas parroquial, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Cibrao de Negrelos celebradas os pasados días 12 e 13 de setembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 7.734,98 €

  Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xullo de 2026, s/recibos.

- NATURGY CLIENTES S.A.U. 3.130,29 €

  Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de agosto de 2026, s/recibos.

- NATURGY CLIENTES EMPRESAS S.A.U. 667,50 €

  Por consumos eléctricos do alumeado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.

- RAPOSO ABOGADOS S.L.P. 3.025,00 €

  Por asistencia letrada en recurso contencioso-administrativo PO. 421/2024, s/factura núm. 2026/110.

- ENRIQUE ÁLVAREZ GARCÍA 171,90 €

  Por adquisición de agasallos para os nenos saharauis acollidos no Concello, s/factura núm. 26000048/1.

- JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ 809,37 €

  Por subministro de diverso material de ferraxería para o Concello, s/factura núm. A/40.

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 579,05 €

  Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 15/26.

- ANTELA LIBROS S.L. 16,90 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. A/187 (FACe).

- GEMAGAR GALICIA S.L. 980,00 €

  Por organización da acampada xuvenil no Monte Suíme, s/factura núm. 0026/0000032 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- AUTOCARES RÍAS BAIXAS S.L. 450,00 €

  Por desprazamento dos participantes na acampada xuvenil do Monte Suíme á praia fluvial de Vilatuxe, s/factura núm. 2026/1080055 (FACe).

- HÉCTOR GARCÍA GUERRA 475,00 €

  Por representación do espectáculo *"Galerock and magic no camiño"* no CPI de Rodeiro, s/factura núm. 2026/44 (FACe).

- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 2.541,00 €

  Por transporte de material para obras en camiños municipais, s/factura núm. 31/2026.

- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 6.612,65 €

  Por acondicionamento de camiños municipais en Rodeiro, Farán e Faílde, s/factura núm. 2026/24 (FACe).

- MONTEFARO ELECTRICIDADE S.L.U. 6.534,00 €

  Por traballos de camiño cortafogo en Senra e transporte de materiais para obras, s/facturas núm. A/26254 e A/26255 (FACe).

- HORMIGONES MONTERROSO S.L.U. 1.093,71 €

  Por subministro de formigón para obras municipais, s/factura núm. 0/2600581 (FACe).

- QUIMIASFALT S.L.L. 2.722,89 €

  Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 1/000648 (FACe).

Obradoiro dual de emprego *"Terras de Camba II"*

- GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 95,11 €

  Por subministro de kit forestal, s/factura núm. FAC/15234

- MAXIDEZA S.L. 134,12 €

  Por subministro de materiais, s/factura núm. 2026 A 004331 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)